



CONCELLOS CASTROVERDE

Anuncio

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 22 de agosto de 2016 prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de xullo de 2016, e expone ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, a 30 de agosto de 2016.- O ALCALDE, Xosé María Arias Fernández

R. 2629

CERVO

Anuncio

O Pleno Municipal, en sesión extraordinaria celebrada o día 29 de agosto do exercicio 2016, acordou aprobar inicialmente o expediente de Modificación de Créditos MP 20/2016, vía transferencia de crédito nº4/2016, dentro do vixente Orzamento Municipal para 2016.

Por medio do presente expone ao público na Intervención do Concello polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de que os interesados poidan examinalos e presenta-las reclamacións ou alegacións que estimen pertinentes, de conformidade co previsto a tales efectos no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e R.D. 500/1990, do 20 de abril.

Cervo, 29 de agosto de 2016.O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez

R. 2630

LUGO

Anuncio

A Xunta Goberno Local, na sesión celebrada o día 31 de de agosto de 2016, adoptou o acordo nº 14/571, no cal se aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para a **CONTRATACIÓN DA OBRA DE RENOVACIÓN DE SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN NO BARRIO DE CASÁS (EXP. REF. 37-2016)**.

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** A realización da **OBRA DE RENOVACIÓN DE SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN NO BARRIO DE CASÁS**.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) Procedemento: aberto

4.- Tipo de licitación

a) Orzamento máximo do Contrato.

O valor estimado do contrato ascende a 142.855,92 euros IVE excluído.

O prezo de licitación é:

Prezo sen IVE: 142.855,92 euros (gastos xerais e beneficio industrial incluído).

IVE (21%): 29.999,74 euros.

Prezo de licitación: 172.855,66 euros IVE incluído

5.- Garantías: definitiva 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Teléfonos: (982) 29-73-01, 29-71-45.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.es (perfil do contratante)

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados no prego de condicións

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: O prazo de presentación de proposicións será de **vinte e seis días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos no prego de cláusulas administrativas.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de cláusulas administrativas particulares.

11.- Gastos dos anuncios: 61,75 euros que serán por conta do adxudicatario.

Lugo, 2 de setembro de 2016.- A ALCALDESA, A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA AREA, DE ECONOMIA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto